

públicas e do procedemento administrativo común, o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

**DISPÓN:**

A ampliación do prazo de realización do segundo exercicio do proceso selectivo para o acceso á categoría 068 (oficial 1ª agrario/capataz agrario) do grupo III do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia en vinte días hábiles.

Contra este acordo de ampliación de prazo non cabe ningún recurso, de acordo co disposto no artigo 49.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2007.

José Luis Méndez Romeu  
Conselleiro de Presidencia, Administracións  
Públicas e Xustiza

*Orde do 27 de xullo de 2007 pola que se amplía o prazo para a realización do segundo exercicio do proceso selectivo para o acceso á categoría 066 (axudante de taller/adxunto de taller) do grupo III do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia.*

A Orde do 21 de febreiro de 2006 pola que se convoca o proceso selectivo para o acceso ás categorías correspondentes ao grupo III do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia establece na base II.3.1 que o prazo máximo para a realización do segundo exercicio será de 40 días, contado este desde o remate do exercicio anterior.

Unha vez realizado o primeiro exercicio o día 14 de xullo de 2007, e logo de considerar diversas cuestións organizativas relativas á realización do segundo deles e a proposta elevada para tal efecto polo tribunal cualificador deste proceso selectivo, de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

**DISPÓN:**

A ampliación do prazo de realización do segundo exercicio do proceso selectivo para o acceso á categoría 066 (axudante de taller/adxunto de taller) do grupo III do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia en vinte días hábiles.

Contra este acordo de ampliación de prazo non cabe ningún recurso, de acordo co disposto no artigo 49.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2007.

José Luis Méndez Romeu  
Conselleiro de Presidencia, Administracións  
Públicas e Xustiza

*Orde do 30 de xullo de 2007 pola que se amplía o prazo para a realización do segundo exercicio do proceso selectivo para o acceso á categoría 011 (auxiliar de laboratorio) do grupo IV do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia.*

A Orde do 21 de febreiro de 2006 pola que se convoca o proceso selectivo para o acceso ás categorías correspondentes ao grupo IV do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia establece na base II.3.1 que o prazo máximo para a realización do segundo exercicio será de 40 días, contado este desde o remate do exercicio anterior.

Unha vez realizado o primeiro exercicio o día 14 de xullo de 2007, e logo de considerar diversas cuestións organizativas relativas á realización do segundo deles e a proposta elevada para tal efecto polo tribunal cualificador deste proceso selectivo, de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

**DISPÓN:**

A ampliación do prazo de realización do segundo exercicio do proceso selectivo para o acceso á categoría 011 (auxiliar de laboratorio) do grupo IV do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia en vinte días hábiles.

Contra este acordo de ampliación de prazo non cabe ningún recurso, de acordo co disposto no artigo 49.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2007

José Luis Méndez Romeu  
Conselleiro de Presidencia, Administracións  
Públicas e Xustiza

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*Orde do 23 de xullo de 2007 pola que se resolve o concurso público para cubrir postos de asesores e/ou asesoras do Servizo de Formación do Profesorado.*

Por Orde do 28 de marzo de 2007 (DOG do 11 de abril) convocouse concurso público para cubrir postos de asesores e/ou asesoras do Servizo de Formación do Profesorado.

En aplicación do disposto no artigo 9 da orde de convocatoria, esta consellería

**DISPÓN:**

Primeiro.-Facer pública, no anexo que se xunta, a adxudicación definitiva dos postos obtidos no concurso público convocado pola referida orde.

Segundo.-De conformidade co disposto no artigo 9 punto 2º da Orde do 28 de marzo de 2007 (DOG do 11 de abril), os seleccionados quedarán adscritos aos postos seleccionados a partir do 1 de setembro de 2007, por un período de tres anos, aplicable a outros tres condicionado á superación dun proceso de avaliación do exercicio da súa actividade.

Non obstante, no primeiro ano de nomeamento haberá un período de prácticas e a súa avaliación negativa impedirá a continuidade no posto.

Terceiro.-Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. De non considerar oportuna a interposición do citado recurso, poderán formular directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme se establece na Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2007.

Laura Sánchez Piñón

Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

**ANEXO**

Praza	Nº prazas	Apelidos	Nome	DNI
Asesoría de formación profesional	2	Vacantes		
Asesoría de lingua castelá e literatura	1	Morales López	Laura	36123148-S
Asesoría de lingua galega e literatura	1	Amigo Devesa	Olga	76361237-H
Asesoría de matemáticas	1	Vacante		
Asesoría de orientación	1	Peino Álvarez	Ana Isabel	33859813-H
Asesoría de tecnoloxía	1	Vacante		
Asesoría de tecnoloxías da información e da comunicación	1	Fariña García	José Leonardo	32825926-G

*Orde do 23 de xullo de 2007 pola que se resolve o concurso público para cubrir postos de asesores e/ou asesoras nos centros de formación e recursos.*

Por Orde do 29 de marzo de 2007 (DOG do 11 de abril) convócase concurso público para cubrir postos de asesores e/ou asesoras nos centros de formación e recursos.

En aplicación do disposto no artigo 9 da orde de convocatoria, esta consellería,

**DISPÓN:**

Primeiro.-Facer pública, no anexo que se xunta, a adxudicación definitiva dos postos obtidos no concurso público convocado pola referida orde.

Segundo.-De conformidade co disposto no artigo 9 punto 2º, da Orde do 29 de marzo de 2007 (DOG do 11 de abril), os seleccionados quedarán adscritos aos postos seleccionados a partir do 1 de setembro de 2007, por un período de tres anos, aplicable a outros

tres condicionado á superación dun proceso de avaliación do exercicio da súa actividade.

Non obstante, no primeiro ano de nomeamento haberá un período de prácticas e a súa avaliación negativa impedirá a continuidade no posto.

Terceiro.-Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. De non considerar oportuna a interposición do citado recurso, poderán formular directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme se establece na Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2007.

Laura Sánchez Piñón

Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

**ANEXO**

LOCALIDADE	PRAZA	CODIGO	Nº PRAZAS	APELIDOS	NOME	DNI
A CORUÑA	AREA OU AMBITO DE LINGUA GALEGA	15030031	1	AMIL GARCIA	XOSE ANTON	32748675X
A CORUÑA	AREA OU AMBITO CIENTIFICO/TECNOLOXICO	15030041	1	MIGUELEZ POSE	ISABEL Mª	32413849H
CEE	AREA OU AMBITO CIENTIFICO/TECNOLOXICO/MATEMATICO	15023004	1	VARELA MARTINEZ	JOSE MARIA	76334325Q